

Acceso á galería de imaxes

Con carácter xeral no proxecto Webs Dinámicas, a URL de acceso á galería de imaxes de cada centro será do tipo:

<http://www.edu.xunta.es/centros/nomedocentro/galeria>

Tamén podemos acceder a Coppermine facendo click a través do menú Galería (Primary Links) accesible desde calquera páxina do Drupal do noso centro.

Unha vez na web do Coppermine faremos click en "Ingresar". Despregarase unha ventá na que introducimos o nome de usuario e contrasinal que teñamos asignados como administradores da aplicación e faremos click en "Iniciar sesión".



A casilla de "Recordarme" permite que o sistema garde o contrasinal para o noso usuario, de xeito que a próxima vez que queiramos acceder á aplicación non teñamos que volver a introducilo. (Non é recomendable facer uso desta opción agás que teñamos a completa seguridade de que ninguén máis fai uso do equipo desde o que accedemos á aplicación).

Tamén podemos observar un enlace co texto "He olvidado mi contraseña". Ao premer nesta opción, o sistema solicitaranos a nosa dirección de correo electrónico. Con esta información identificaranos na base de datos de usuarios da aplicación e enviará un correo electrónico cun novo contrasinal á conta do noso usuario. (Como veremos posteriormente, no momento de dar de alta un usuario será preciso especificar, ademais do nome de usuario e contrasinal, unha dirección de correo electrónico).

Cos datos ingresados correctamente e unha vez identificados polo sistema, a aplicación despregará unha pantalla de benvinda e unha serie de menús que permitirán administrar a nosa galería.




A continuación descríbense brevemente cada unha das opcións que compoñen o menú principal situado na parte superior (xenérico para todos os usuarios):

- **Página principal (Home):** é a páxina principal da nosa galería onde podemos ver todos os álbums creados.
- **Mi galería:** permite visualizar a galería predeterminada do usuario activo. Se o administrador fai clic nesta

opción, desplegarase a galería creada por el.

- Modo Usuario/[Administrador](#): Permite alternar a visualización da [navegación](#) como administradores da plataforma ou como usuarios visitantes da nosa galería.
- Añadir fichero: sirve para [subir](#) as imaxes á nosa galería.
- Salir[[nome_usuario](#)]: Permite pechar sesión e saír de Coppermine.
- Ir a web: enlaza coa páxina principal de Drupal do noso centro.
- Lista de Álbums: permite ver a lista de álbums que se atopan na nosa galería.
- Últimos archivos: amosa as últimas imaxes engadidas.
- Últimos comentarios: amosa os últimos comentarios realizados sobre as imaxes.
- Más vistos: amosa as imaxes máis vistas.
- Más valorados: amosa aquelas imaxes que foron mellor puntuadas dentro da galería.
- Mis favoritos: amosa exclusivamente as imaxes que o usuario que iniciou sesión na aplicación seleccionou como favoritas.
- Buscar: sirve para realizar unha búsqueda de imaxes na galería.

As opcións do [menú](#) específico de administración veranse nos apartados seguintes



Nota: observaredes que ata agora os menús e as capturas de pantalla amosadas están en castelán. No seguinte apartado veremos como traducilos ao galego.